



Impulsan o Centro de Coñecemento e Intelixencia Turística

REDACCIÓN > FERROL

■ A Secretaría de Estado de Turismo e as Cámaras de Comercio constituíron esta semana o comité de expertos do Centro de Coñecemento, Innovación e Intelixencia Turística, órgano asesor cuxa función principal será proporcionar información sobre aplicacións e

tecnoloxías intimamente relacionadas co turismo.

O comité estará copresidido polo secretario de Estado de Turismo, Joan Mesquida, e polo presidente do Consello de Cámaras, Javier Gómez-Navarro, e estará integrado por expertos en turismo, novas tecnoloxías, comunica-

ción e mercadotecnia. Entre eles figuran Javier Monzón, presidente de Indra, Francisco Román, presidente de Vodafone, Francesc Valls, de ESADE, José Luis Xoreda, vicepresidente executivo de Exceltur, ou Gonzalo Pascual, presidente da Comisión de Turismo de CE-
 OE, entre outros. Este órgano actuará como vínculo de unión entre os ámbitos público e privado, cun marcado carácter multidisciplinar que permitirá ao Centro orientar a súa actividade co obxectivo de mellorar a posición competitiva do sector, anticiparse aos cambios na oferta e na de-

manda e adaptarse ás novas tendencias sociais e económicas.

Constitución > Durante o acto de constitución oficial do comité, o presidente do Consello Superior de Cámaras de Comercio, Javier Gómez-Navarro declarou que este é "o proxecto máis serio que se fixo en España para promover a innovación no sector turístico" e manifestou a súa confianza en que poida garantir, a medio e a longo prazo, o éxito futuro do noso turismo.

A actuación do Centro de Intelixencia, Coñecemento e Innova-

ción Turística, cuxos estudos e orientacións serán postos ao servizo das empresas e demais axentes turísticos, enmárcase no Plan de Turismo Español 2020.

Vai ocuparse, entre outras actividades, de agrupar o coñecemento xerado por distintos axentes públicos e privados, facilitar o acceso ás mellores prácticas do sector, elaborar e difundir análises de tendencias, proporcionar ferramentas para promover a competitividade mediante a transferencia tecnolóxica e, en definitiva, contribuír ao liderado turístico de España no concerto internacional.